

metros, e entre o poleiro e a parede de 20 centímetros como mínimo.

e) De, ó menos, 250 centímetros cadrados da superficie da cama por galiña; a cama deberá ocupar, cando menos, un tercio da superficie do chan.

2. O chan das instalacións deberá estar construído de xeito que soporte adecuadamente cada un dos dedos anteriores de cada pata.

3. Ademais das disposicións establecidas nos números 1 e 2 deste anexo:

A) Para os sistemas de cría que lles permiten ás galiñas poñedoras desprazarse libremente entre distintos niveis:

1.º O número de niveis superpostos límitase a 4.

2.º A altura libre entre os niveis deberá ser de, polo menos, 45 centímetros.

3.º As comedoiras e bebedoirs deberanse distribuír de tal modo que tódalas galiñas teñan acceso por igual.

4.º Os niveis estarán dispostos de tal xeito que se impida a caída de excrementos sobre os niveis inferiores.

B) Cando as galiñas poñedoras teñan acceso a espazos exteriores:

1.º Varias trapelas de saída deberán dar directamente acceso ó espazo exterior e polo menos ter unha altura de 35 centímetros e unha largura de 40 centímetros e distribuírse sobre toda a lonxitude do edificio; en calquera caso, unha abertura dunha largura total de 2 metros deberá estar dispoñible por grupo de 1.000 galiñas.

2.º Os espazos exteriores deberán:

a) Co fin de previr calquera tipo de contaminación, ter unha superficie apropiada con respecto á densidade de galiñas que os ocupen e á natureza do chan.

b) Estar provistos de cochos contra as intemperies e os predadores e, se é o caso, de bebedoirs adecuados.

4. A densidade de aves non deberá ser superior a nove galiñas poñedoras por metro cadrado de superficie utilizable.

En calquera caso, cando a superficie utilizable corresponda coa superficie do chan dispoñible, poderase utilizar, ata o 31 de decembro de 2011, unha densidade de aves de doce galiñas por metro cadrado de superficie dispoñible, para os establecementos que apliquen este sistema o 3 de agosto de 1999.

MINISTERIO DE ECONOMÍA

1043 *REAL DECRETO 1443/2001, do 21 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, no referente ó control das concentracións económicas. («BOE» 16, do 18-1-2002.)*

A Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, foi desenvolvida en materia de control de concentracións económicas polo Real decreto 1080/1992, do 11 de setembro, que concretou os aspectos procedementais aplicables contidos no capítulo II do título I desta lei.

Nos últimos anos, o capítulo II do título I da citada Lei 16/1989 foi substancialmente modificado por distintas disposicións, que tiveron como efecto fundamental o paso dun sistema de notificación voluntaria a un mode-

lo de notificación obrigatoria e previa das operacións de concentración económica.

Así, o artigo 10 do capítulo VIII do Real decreto lei 6/1999, do 16 de abril, de medidas urxentes de liberalización e incremento da competencia, introduciu cambios importantes en relación co deber de notificación das concentracións económicas e o procedemento de tramitación dos expedientes.

Posteriormente, a Lei 52/1999, do 28 de decembro, de reforma da Lei 16/1989, introduciu un novo artigo 57 polo que se crea unha taxa por análise e estudo das operacións de concentración, a execución e xestión das cales require un desenvolvemento regulamentario. Este artigo 57 foi modificado, pola súa vez, polo Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servicios.

O citado Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, estableceu a obriga de suspensión das operacións de concentración ata a súa autorización, acurtando ó mesmo tempo os prazos de instrución do expediente. Non obstante, o ministro de Economía poderá levantar esta suspensión, por proposta do Servizo de Defensa da Competencia, e a petición do notificante.

Por último, a normativa relevante para o control de concentracións viuse afectada pola Lei 9/2001, do 4 de xuño, pola que se modifica a disposición transitoria sexta da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, determinados artigos da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, e determinados artigos da Lei 46/1998, do 17 de decembro, sobre introducción do euro. En concreto, esta norma precisou a redacción do artigo 17 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, e modificou o artigo 18, establecéndose a posibilidade de impor multas coercitivas polo incumprimento do ordenado polos acordos do Consello de Ministros en materia de control de concentracións.

Ademais da necesaria adaptación do procedemento de control de concentracións ós referidos cambios normativos, a experiencia acumulada polos órganos de defensa da competencia nos últimos anos aconsella introducir certas melloras no desenvolvemento regulamentario da Lei 16/1989.

Por todo isto, este real decreto desenvolve a Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, no referente ó procedemento de control de concentracións e a forma e contido da notificación destas, substituindo o Real decreto 1080/1992, do 11 de setembro, que queda derogado.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía, logo de aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de decembro de 2001,

DISPÓN O:

CAPÍTULO I

Normas comúns

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

O procedemento que seguirán os órganos de defensa da competencia para o control das concentracións económicas que establece o capítulo II do título I da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, axustarase ó previsto neste real decreto.

Artigo 2. *Concepto de concentración e control.*

1. A modificación con carácter estable da estrutura de control dunha empresa ou de parte dunha empresa será considerada como unha operación de concentración, con independencia de que esa empresa ou parte dela teña personalidade xurídica propia.

2. Non terá a consideración de concentración económica a mera redistribución de valores ou activos entre as sociedades dun mesmo grupo por canto non existe modificación da estrutura de control.

3. Para os efectos do número 2 do artigo 14 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, entenderase que existe relación de control cando, como consecuencia da formalización de contratos ou a adquisición de dereitos sobre o capital ou os activos dunha empresa ou por calquera outro medio, exista a posibilidade de exercer unha influencia decisiva sobre as súas actividades. En todo caso, considerarase que este control existe:

a) Cando se teña unha influencia decisiva sobre a composición, deliberacións ou decisións dos órganos dunha empresa.

b) Entre as sociedades integrantes dun mesmo grupo, de conformidade co artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

Artigo 3. *Cálculo do volume de vendas.*

1. Para os efectos previstos na alínea 1.b) do artigo 14 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, o volume de vendas global en España comprenderá a cifra resultante da venda de produtos e da prestación de servizos que correspondan ás actividades ordinarias das empresas partícipes na operación no último exercicio contable, logo da dedución do importe das bonificacións e das demais reducións sobre as vendas, do imposto sobre o valor engadido e dos demais impostos directamente relacionados co volume de vendas.

2. Cando unha empresa participe na operación pertenza a un grupo de sociedades nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, o volume de vendas desta empresa sumaranse os volumes de vendas globais das empresas integradas naquel. Non obstante, para o cálculo do volume de vendas non se terán en conta as transaccións que tivesen lugar entre as empresas do grupo ou as que se realizasen fóra de España.

3. Nos supostos de control conxunto dunha empresa, o seu volume de negocios imputaráselles a partes iguais ás diferentes partes que teñan o seu control.

4. Cando a operación de concentración consista na adquisición dunha rama de actividade, unidade de negocio, establecemento ou, en xeral, dunha parte, dunha ou máis empresas, e con independencia de que esta parte teña personalidade xurídica propia, só se terá en conta, no que lle corresponde ó alleante, o volume de negocios relativo á parte obxecto da adquisición.

5. Sen prexuízo do anterior, observarase as seguintes regras específicas:

1.^a No caso de entidades de crédito e outras entidades financeiras, o volume de vendas será substituído pola suma das seguintes partidas de produtos percibidos pola entidade en España segundo se definen na Directiva 86/635/CEE do Consello, do 8 de decembro, relativa ás contas anuais e contas consolidadas dos bancos e outras entidades financeiras, logo de dedución, de se-lo caso, do imposto sobre o valor engadido e doutros impostos directamente relacionados con estes produtos:

- a) Xuros e produtos asimilados.
- b) Rendementos de títulos, xa sexan accións, participacións e outros títulos de renda variable, incluídas as participacións en empresas do grupo.
- c) Comisións cobradas.
- d) Beneficios netos procedentes de operacións financeiras.
- e) Outros resultados de explotación.

2.^a No caso de entidades aseguradoras, o volume de vendas será substituído polo valor das primas brutas emitidas que comprendan tódolos importes cobrados e pendentes de cobro en concepto de contratos de seguro establecidos por estas compañías ou por conta delas, incluíndo as primas cedidas ás reaseguradoras e trala dedución dos gravames percibidos sobre a base do importe das primas ou do volume total deste, tomando en conta as primas brutas aboadas por residentes en España.

CAPÍTULO II

Procedemento

SECCIÓN 1.^a DA NOTIFICACIÓN

Artigo 4. *Obriga de notificar.*

1. A notificación das operacións de concentración que entren no ámbito de aplicación do artigo 14 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, deberá presentarse no Servicio de Defensa da Competencia previamente á súa execución, sen que poida executarse a operación antes de ser notificada, nin antes de que a Administración manifieste, de forma expresa ou tácita, a súa non oposición a ela ou a subordine á observancia de condicións determinadas, nos termos establecidos no artigo 17 da Lei 16/1989.

2. A notificación poderá practicarse desde que exista proxecto ou acordo de concentración. Para estes efectos, considerarase que existe proxecto ou acordo de concentración desde o momento en que os partícipes consintan en realiza-la fusión, a creación de empresa común ou operación que orixine a toma de control, e determinen o modo, prazo e condicións en que se vaia executar.

Cando os partícipes sexan sociedades, considerarase que o acordo existe cando fose tomado, en por si ou por delegación, polo órgano de administración, mesmo cando por aplicación de normas legais ou estatutarias fose necesaria a súa adopción ou ratificación posterior por outro órgano societario, e sen prexuízo do establecido no número 8 deste artigo.

A existencia de cláusulas que de calquera modo condicionen a futura formalización ou execución destes acordos non exime do cumprimento do deber de notificar.

3. No caso de fusións de sociedades entenderase que existe proxecto ou acordo de concentración cando se cumpra o disposto no número 1 do artigo 234 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro.

4. O notificante poderá solicitar xunto coa notificación o levantamento da suspensión da execución da operación, expoñendo os prexuízos que dela poidan derivar para a operación e ofrecendo, de se-lo caso, compromisos tendentes a elimina-los posibles efectos negativos da execución da concentración sobre os competidores ou a competencia.

5. Sen prexuízo do establecido no artigo 9, cando a operación de concentración se materialice mediante a formulación dunha oferta pública de adquisición de valores admitidos a negociación nunha bolsa de valores, unha vez autorizada a oferta pola Comisión Nacional

do Mercado de Valores, non se publicarán os anuncios relativos a ela nin comezará o prazo de aceptación mentres non recaia a autorización expresa ou presunta da Administración. En caso de que a suspensión da execución se levante nos termos establecidos no artigo 15.2 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, aplicarase o disposto no artigo 37 do Real decreto 1197/1991, do 26 de xullo, sobre réxime das ofertas públicas de adquisición de valores.

6. A notificación da concentración, de acordo co artigo 14 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, será efectuada:

a) Cando a concentración consista nunha fusión de empresas, conxuntamente polas partes que interveñen nela.

b) Cando se trate da toma de control da totalidade ou de parte dunha empresa ou empresas, polo adquirente.

c) Cando se trate da creación dunha empresa en común e, en xeral, da adquisición do control conxunto sobre unha empresa, conxuntamente polas partes que o adquiren.

7. Cando a notificación a presenten representantes das partes, estes deberán acredita-la súa representación mediante poder debidamente acreditado para o efecto.

8. En caso de que, unha vez notificado o proxecto de concentración e previamente á resolución do expediente, as partes desistan dela, o notificante porá en coñecemento do órgano instructor esta circunstancia, acreditándoa formalmente, á vista do cal o ministro de Economía poderá ordenar sen máis trámite o arquivo das actuacións.

9. A notificación das concentracións económicas a que se refire este real decreto é independente da comunicación a que se refire o artigo 110 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

Artigo 5. *Forma e contido da notificación.*

1. A notificación presentarse no modelo oficial que figura como anexo deste real decreto. Deberá ser facilitada polo notificante ou notificantes toda a información solicitada no modelo, sen prexuízo de que poida requirirse información adicional en calquera momento do procedemento.

2. O modelo oficial de notificación xuntarase en todo caso:

a) Copia dos informes de xestión e contas anuais correspondentes ós tres últimos exercicios das empresas que participen na concentración.

b) Copia dos documentos acreditativos do contrato, acordo ou adquisición de dereitos que dea lugar á operación de concentración, coas modificacións que, de se-lo caso, sufrisen con posterioridade á súa formalización.

c) O xustificante de pagamento da taxa por análise e estudo das operacións de concentración, conforme o disposto no artigo 19 deste real decreto.

3. Cando se trate dunha oferta pública de adquisición de valores, deberá xuntarse tamén o folleto de oferta que debe presentarse ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

4. O notificante poderá achegar adicionalmente cantas análises, informes ou estudos se levasen a cabo e considere relevantes con relación á operación.

5. O notificante informará sobre calquera modificación que afecte á operación durante a tramitación do expediente.

Artigo 6. *Notificacións incompletas e solicitude de información polo Servizo.*

1. Se a información subministrada seguindo o modelo oficial de notificación fose incompleta ou non se xuntasen os documentos requiridos conforme o artigo 5, o Servizo de Defensa da Competencia requirirá o notificante para que emende a falta nun prazo de dez días.

O prazo dun mes para a autorización tácita quedará suspendido a partir do día seguinte ó da recepción do requirimento polo notificante e proseguirá a partir do día seguinte ó da recepción polo Servizo da contestación do notificante. Para determina-la nova data de vencemento do prazo dun mes para a autorización tácita sumaranse ó último día da suspensión do prazo os días naturais que medien desde a data de inicio desta suspensión ata a data en que vencía o prazo inicialmente.

2. O requirimento incluírá o apercibimento de que se este non se cumprise ou se fixese fóra do prazo de dez días establecido para o efecto, a notificación non se beneficiará da autorización tácita.

Artigo 7. *Consulta previa á notificación.*

1. A consulta a que se refire o número 5 do artigo 15 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, poderá dirixila por escrito ó Servizo de Defensa da Competencia calquera das empresas partícipes na operación.

2. Na citada consulta deberásele facilitar ó Servizo unha descrición da operación e das partes que interveñen, o volume de vendas das empresas partícipes no último exercicio contable, de acordo co establecido no artigo 3 deste real decreto, e toda a información relevante para determina-los mercados afectados e a cota das empresas partícipes neles, de acordo cos números 5.1 e 5.2 do modelo oficial de notificación.

3. Se a información subministrada para atende-la consulta fose considerada insuficiente, o Servizo requirirá as partes para que emenden a falta nun prazo de dez días, con indicación de que, se así non o fixeren, se considerará que desistiron da súa consulta e observarase, de se-lo caso, o previsto no número 4 do artigo 15 bis da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.

4. O previsto no número 5 do artigo 15 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, só é de aplicación naqueles casos en que non se incumpra o previsto nos números 1 e 2 do dito artigo 15.

5. Naqueles casos en que a consulta formulada non se adecue ó obxecto establecido no número 5 do artigo 15 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, dictarase resolución de inadmisión desta.

SECCIÓN 2.^a INSTRUCCIÓN ANTE O SERVIZO E DECISIÓN DO MINISTRO

Artigo 8. *Instrucción do expediente.*

1. Recibida en forma a notificación, o Servizo de Defensa da Competencia formará expediente e elevará ó ministro de Economía informe confidencial no que exprese o seu criterio sobre se a operación notificada pode obstaculiza-la competencia efectiva no mercado.

2. Para os efectos do disposto no número anterior, o Servizo de Defensa da Competencia poderá requirir a toda persoa física ou xurídica para que facilite cantos datos e informacións sexan necesarios. Para isto o Servizo poderá exercer-las facultades establecidas nos artigos 32, 33 e 34 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.

Artigo 9. *Instrucción de expediente e aplicación do regulamento comunitario.*

1. Cando a Comisión Europea remita un caso de dimensión comunitaria en virtude do artigo 9 do Regulamento (CEE) 4064/89 do Consello, do 21 de decembro, sobre o control das operacións de concentración modificado polo Regulamento (CEE) 1310/97 do Consello, do 30 de xuño, o Servicio formará expediente e procederá á súa tramitación de acordo co previsto na Lei de defensa da competencia e neste real decreto.

2. Cando o director do Servicio de Defensa da Competencia decida conforme o artigo 31 bis, alínea f), da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, insta-la aplicación do previsto no número 3 do artigo 22 do citado Regulamento (CEE) 4064/89, notificaráselles esta decisión ás empresas participantes na operación, co apercibimento de que a competencia para adoptar unha decisión sobre o asunto lle corresponde á Comisión Europea, non podéndose beneficiar a operación da autorización tácita prevista no número 2 do artigo 15 bis da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.

Artigo 10. *Remisión do expediente ó Tribunal de Defensa da Competencia.*

1. O ministro de Economía, por proposta do Servicio de Defensa da Competencia e mediante resolución, remitiralle ó tribunal os expedientes daqueles proxectos ou operacións de concentración que considere que poden obstaculiza-lo mantemento dunha competencia efectiva no mercado.

2. Nesta resolución, o ministro de Economía, por proposta do Servicio de Defensa da Competencia e a petición do notificante, poderá levanta-la suspensión da execución da operación, logo da ponderación dos prexuízos que da suspensión se poidan derivar para ela, podendo supedita-la súa efectividade ó cumprimento de determinadas condicións por parte do notificante.

3. De conformidade co número 2 do artigo 15 bis da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, e sen prexuízo da obriga do pagamento da taxa regulada no artigo 19 deste real decreto, entenderase que a Administración non se opón á operación se, transcorrido un mes desde a data de entrada da notificación no Servicio de Defensa da Competencia, non se lle remitise esta ó tribunal.

4. O Servicio notificaralles ós interesados a data en que se remitise o expediente ó Tribunal de Defensa da Competencia.

Artigo 11. *Confidencialidade do expediente.*

1. As actuacións que en relación coa notificación leve a efecto o Servicio de Defensa da Competencia terán carácter confidencial ata que o ministro de Economía resolva, de se-lo caso, a remisión do expediente ó Tribunal de Defensa da Competencia, sen prexuízo do previsto no artigo 53 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia. Exceptúase desta regra o feito da notificación, que será público.

2. En particular, o Servicio de Defensa da Competencia fará público o informe previsto no artigo 8.1 deste real decreto unha vez o ministro de Economía resolva a remisión do expediente ó Tribunal de Defensa da Competencia ou a operación resulte autorizada tacitamente, tras resolver de se-lo, caso os aspectos confidenciais do seu contido.

Artigo 12. *Incumprimento do deber de notificación.*

1. Cando unha operación de concentración entre empresas cumpra o previsto no número 1 do artigo 14 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, e non fose notificada con anterioridade a súa execución conforme o previsto no artigo 4 deste real decreto, o Servicio requirirá de oficio para que se presente a notificación da operación no prazo improrrogable de 20 días, contados desde a recepción do requirimento, e para que nese termo se formulen as alegacións que se consideren oportunas sobre a sanción que, en aplicación do artigo 18.1 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, se pode impor. A facultade do Servicio para requirir de oficio a notificación poderá exercerse ata transcorridos catro anos desde a realización da operación.

2. Transcorrido o prazo a que se refire o número anterior, o director do Servicio resolverá sobre a imposición da sanción prevista no artigo 18.1 da lei, podendo así mesmo exercer-la facultade de impor multas coercitivas nos termos establecidos no artigo 18.2 da lei se a notificación tampouco se realizase nese prazo.

3. Sen prexuízo do establecido nos números anteriores, no caso de que unha operación de concentración de empresas que supere os límites establecidos no artigo 14 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, non fose debidamente notificada, o director do Servicio poderá acorda-la instrucción do expediente. O Servicio poderá requirir-las empresas afectadas e a terceiros para que, en virtude do artigo 32 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, faciliten a información que se estime procedente.

4. Instruído o expediente, o director do Servicio elevará proposta de resolución ó ministro de Economía para os efectos previstos no artigo 15 bis.1 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, sen que sexa de aplicación o suposto de autorización tácita previsto no artigo 15 bis.2.

Artigo 13. *Terminación convencional.*

1. Unha vez que o Servicio de Defensa da Competencia elevase o informe previsto no número un do artigo 15 ter da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, e se nel se considerase que da operación de concentración notificada se derivan obstáculos á competencia facilmente emendables, o ministro de Economía poderá resolver que se inste as partes para que presenten compromisos ou modificacións da operación que eliminen ou contrarresten as restriccións da competencia identificadas. A resolución do ministro terá carácter público.

2. A resolución do ministro seralles notificada ás empresas participantes, que disporán dun mes para presenta-los compromisos ou modificacións da operación previstos no número 1 ó Servicio de Defensa da Competencia. Estes terán carácter confidencial.

3. No prazo de vinte días desde a presentación dos compromisos, o ministro de Economía, logo de informe do Servicio, deberá resolve-la autorización da operación ou, en caso contrario, a súa remisión ó tribunal. A resolución do ministro de Economía será pública e motivada, sen prexuízo de que, de oficio ou por instancia do interesado, o Servicio poida ordenar que se manteñan secretos aqueles aspectos dos compromisos que se consideren confidenciais.

SECCIÓN 3.^a TRAMITACIÓN NO TRIBUNALArtigo 14. *Actuacións previas do Tribunal de Defensa da Competencia.*

1. Recibido o expediente no tribunal, o presidente designará un vocal ou unha comisión para elabora-lo relatorio que servirá de base ó informe do tribunal.

2. Co obxecto de solicita-la opinión de posibles afectados, o relator ou a comisión designados elaborará unha nota sucinta sobre os extremos fundamentais do expediente e as características do proxecto ou operación. O tribunal convocará o notificante para que manifieste por escrito, no prazo máximo de 2 días, qué extremos da información contida na nota deben manterse confidenciais.

Esta nota sucinta será posta en coñecemento das persoas físicas ou xurídicas que o tribunal considere que poidan resultar afectadas e, de se-lo caso, do Consello de Consumidores e Usuarios e das asociacións de consumidores e usuarios, para que expoñan motivadamente o seu criterio respecto a se o proxecto ou operación obstaculiza o mantemento da competencia efectiva no mercado e, de se-lo caso, se achega algunha mellora nos termos previstos no parágrafo 1 do artigo 16 da lei.

3. O tribunal poderá solicitar aqueles informes que xulgue necesarios doutros órganos administrativos, concretando o extremo ou extremos acerca dos que se solicita a información. Así mesmo, poderá requirir datos e informacións de calquera persoa natural ou xurídica nos termos previstos polo artigo 29 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.

4. As persoas e entidades ás que se fai referencia nos números 2 e 3 deste artigo disporán dun prazo de dez días para presenta-las alegacións, os informes ou os datos que fosen requiridos.

Artigo 15. *Convocatoria e audiencia de notificantes e interesados.*

1. O tribunal poderá convoca-lo notificante cantas veces sexa necesario para obter aclaracións ou precisións relativas á operación. Así mesmo, poderá requirilo para que presente por escrito no prazo que se lle sinale calquera dato e información adicionais que precise para a elaboración do informe.

2. O tribunal decidirá sobre as solicitudes de declaración de parte interesada en cada expediente, no sentido que establece o artigo 31 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Para estes efectos, non se considerarán interesados as persoas físicas ou xurídicas afectadas polo mero feito de que se lles requirise información conforme o previsto no artigo anterior.

3. O tribunal dará vista do expediente ós interesados nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, para que formulen alegacións antes de que o tribunal emita o seu informe.

Artigo 16. *Informe do tribunal.*

1. O tribunal, oída a proposta do vocal ou da comisión designada, emitirá, no prazo de dous meses, o seu informe nos termos e co alcance establecido polo artigo 16 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.

2. O informe incluírá como conclusión o dictame sobre a operación de concentración, indicando, de se-lo caso, as condicións ás que podería subordina-la súa aprobación e as medidas apropiadas para o restablecemento dunha competencia efectiva.

3. O tribunal comunicarlles ós notificantes a data de remisión do seu informe ó ministro de Economía para que o eleve ó Goberno. Non se trasladará nin se lles porá de manifesto ós notificantes nin a ningún outro interesado o informe do tribunal.

4. O tribunal fará público o seu informe unha vez adoptada a decisión polo Consello de Ministros e tras resolver, de se-lo caso, sobre os aspectos confidenciais do seu contido.

SECCIÓN 4.^a RESOLUCIÓN EXPRESAArtigo 17. *Decisión do Goberno.*

A decisión do Goberno notificaráselle ó Servicio de Defensa da Competencia para a súa inscrición no Rexistro B das Concentracións Económicas, a súa notificación ós interesados e ó Tribunal de Defensa da Competencia, e a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 18. *Cumprimento do acordo de Consello de Ministros.*

O Servicio de Defensa da Competencia vixiará o cumprimento do disposto no acordo de Consello de Ministros, conforme o establecido no artigo 18.3 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia. En caso de que constatase o incumprimento do ordenado en aplicación do artigo 17 da citada lei, o Servicio, logo de audiencia ós interesados, poderalle recomendar ó Goberno a imposición das multas previstas nos números 3 e 4 do artigo 18 desta.

No que se refire ás sancións previstas no número 4 do artigo 18 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, para a determinación do volume de vendas das empresas afectadas aplicarase o disposto no artigo 3 deste real decreto.

Artigo 19. *Taxa por análise e estudio das operacións de concentración.*

1. A xestión e recadación da taxa prevista no artigo 57 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, correspóndelle ó Servicio de Defensa da Competencia, salvo a recadación en vía executiva, que será competencia dos órganos de recadación da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

2. A taxa autoliquidadaa o suxeito pasivo. O ingreso das autoliquidacións efectuarase nas entidades de depósito autorizadas para actuar como entidades colaboradoras na recadación, conforme o disposto no artigo 8.3, parágrafo 2, do Regulamento xeral de recadación e na orde do 4 de xuño de 1998, pola que se regulan determinados aspectos da xestión recadatoria das taxas que constitúen dereitos da Facenda Pública.

3. O xustificante do pagamento presentarase no Servicio de Defensa da Competencia xunto co formulario de notificación.

O pagamento voluntario da taxa efectuarase con ocasión da presentación da notificación, debendo xuntarlle o xustificante de ter realizado o ingreso correspondente. Se no momento de presentación da notificación se presenta a autoliquidación sen ingreso, procederáse á súa exacción pola vía de constrinximento, sen prexuízo de que o Servicio instrúa o correspondente expediente.

Os ingresos correspondentes a declaracións de autoliquidacións por esta taxa, realizados fóra de prazo sen requirimento previo sufrirán as recargas que, para tales supostos, se determinan na Lei xeral tributaria.

4. A contía da taxa calcularase conforme o previsto no número 6 do artigo 57 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia. Para os efectos do cálculo do volume de vendas do conxunto de partícipes

terase en conta o último exercicio contable e aplicarase o disposto no artigo 3 deste real decreto.

5. A xestión das solicitudes de aprazamento da taxa que se formulen en período voluntario, corresponderalle ó Servicio de Defensa da Competencia e axustarase ó establecido con carácter xeral ó respecto polo Regulamento xeral de recadación.

Disposición adicional única. *Modificación do Real decreto 1197/1991.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Real decreto 1197/1991, do 26 de xullo, sobre réxime das ofertas públicas de adquisición de valores.

1. O parágrafo c) do artigo 24.1 adoptará a redacción seguinte:

«c) Nos supostos previstos no punto segundo, nos parágrafos b) e c) do punto cuarto e nos parágrafos b) e c) do punto sétimo do artigo 37.»

2. O artigo 37 quedará redactado como segue:

«Artigo 37. *Procedemento ante os órganos españois de defensa da competencia.*

1. No caso de que concorran os supostos do artigo 14 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, o oferente deberalle notificar conforme o artigo 15 da mencionada lei a operación de concentración ó Servicio de Defensa da Competencia no prazo dos cinco días seguintes á presentación da solicitude de autorización da oferta á Comisión Nacional do Mercado de Valores, sempre que non lla notificase ó Servicio con anterioridade.

Sen prexuízo do estipulado no parágrafo anterior, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, se estima que poden concorre-las circunstancias previstas no citado artigo 14 da Lei 16/1989, sen que así se fixese constar no folleto presentado, porá a oferta en coñecemento do Servicio de Defensa da Competencia, para efectos de que este organismo, de consideralo oportuno, lle requira ó oferente a presentación da notificación.

2. No suposto de que o ministro de Economía remita as actuacións ó Tribunal de Defensa da Competencia, o Servicio de Defensa da Competencia deberá notificarlo ó oferente o mesmo día da remisión. Neste caso, o oferente poderá desistir da oferta sempre que o comunique á Comisión Nacional do Mercado de Valores ó día seguinte de recibirla notificación.

3. No suposto de que non se levante a suspensión da operación de concentración, iniciado o procedemento ante os órganos de defensa da competencia, non se publicarán os anuncios previstos no artigo 18 nin comezará o prazo de aceptación mentres non recaia a autorización expresa ou tácita da Administración.

4. No suposto de que se levante a suspensión da operación, a oferta quedará sometida a condición e, sen prexuízo do establecido no número 2, producirá os seguintes efectos:

a) Se antes da expiración do período de aceptación da oferta recaese autorización tácita da operación, producirá a oferta tódolos seus efectos.

b) Se antes da expiración do período de aceptación da oferta recaese resolución do Goberno, aplicarase o que desta resulte, consonte o disposto no número 7.

c) Se antes da expiración do período de aceptación da oferta non recaese resolución expresa ou tácita, o oferente poderá desistir da oferta.

5. No suposto de que o inicio do procedemento ante o Servicio de Defensa da Competencia resultase do requirimento deste ó oferente para que presente a notificación da operación, aplicarase o disposto nos números anteriores, se ben non procederá o suposto de autorización tácita.

6. Se, de acordo cos artigos 15 bis.2 e 15 ter da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, a operación queda autorizada, aplicarase o disposto no capítulo II deste real decreto. No caso de que o acordo de terminación convencional recaese unha vez autorizada a oferta pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, deberá publicarse un suplemento de folleto no que se recollan os termos do acordo, que deberá ser verificado por esta Comisión.

7. A resolución do Goberno producirá os seguintes efectos:

a) Se o Goberno non se opón á operación de concentración, a oferta producirá plenos efectos.

b) Se o Goberno declarase improcedente a operación proposta, o oferente deberá desistir da oferta, de acordo co disposto no artigo 24.

c) Se o Goberno suxeitase a súa autorización ó cumprimento dalgunha condición, o oferente poderá desistir da oferta, de acordo co disposto no artigo 24.

8. Os efectos derivados da tramitación dun expediente ante os órganos de defensa da competencia e, de se-lo caso, o desistimento deberán publicarse polos medios previstos no artigo 18, no prazo máximo de dous días contados desde a resolución administrativa tácita ou expresa, ou desde a data que puidese efectuarse o desistimento por calquera outra causa prevista legalmente, logo de comunicación á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

9. No caso de que cunha oferta inicial que cumpra as condicións para a súa notificación obrigatoria establecidas no artigo 14 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, concorran outra oferta que non cumpra estas condicións, suspenderase a tramitación desta ata que non se publique a precedente, de acordo co artigo 18 deste real decreto.»

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio dos procedementos.*

Os expedientes iniciados en virtude de notificacións, requirimentos ou acordos do Servicio de Defensa da Competencia, efectuados antes da entrada en vigor deste real decreto, someteranse, no que se refire ós seus aspectos procedementais, á normativa anterior. Non obstante, poderalles ser de aplicación a regulación da terminación convencional contida neste real decreto, sempre que, polo seu estado de tramitación, isto fose precedente.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa singular.*

Derrógase o Real decreto 1080/1992, do 11 de setembro, polo que se aproba o procedemento que deben seguir os órganos de defensa da competencia en concentracións económicas e a forma e contido da súa notificación voluntaria.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación.*

O ministro de Economía poderá, mediante orde, modifica-lo formulario contido no anexo deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor ós vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de decembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
para Asuntos Económicos
e ministro de Economía,
RODRIGO DE RATO Y FIGAREDO

ANEXO**Formulario de notificación de concentración económicas***Ó Servicio de Defensa da Competencia*

Secretaría Xeral de Política Económica e Defensa da Competencia

Notas:

1. Neste formulario indícase a información e documentación que se deberá facilitar para a notificación conforme o artigo 5 deste real decreto das operacións de concentración de empresas que entren no ámbito de aplicación do artigo 14 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.

Para o seu cumprimento deberá terse en conta o establecido no título I, capítulo II, da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, e este real decreto do que este formulario é anexo.

2. Este formulario componse de:

a) Unha carátula na que se indicará a identidade dos partícipes, a natureza da operación e o sector económico, así como o lugar, a data e as sinaturas dos notificantes.

b) As informacións requiridas nas seccións 1 a 7, para o que se recomenda facilitalas pola súa orde en folla á parte e con mención do número marxinal de referencia.

3. O notificante deberá facilitar toda a información e documentación solicitadas no formulario, achegando adicionalmente os documentos que sexan necesarios e os que o notificante considere oportunos. Non obstante, se de boa fe non pode responderse a algunha das cuestións requiridas ou só pode facerse de forma limitada segundo a información dispoñible, deberá facelo constar xustificando os motivos.

Se a falta de subministración de información non resultase xustificada será de aplicación, de se-lo caso, o establecido no artigo 6 do real decreto.

4. A formalización deste formulario non exclúe a posibilidade de que se solicite información adicional.

5. A parte ou partes indicarán na notificación, de forma motivada, as informacións que deban tratarse confidencialmente respecto a terceiros ou, de se-lo caso, respecto a algún dos partícipes na operación.

De acordo co disposto no artigo 53 da Lei 16/1989, o Servicio e o Tribunal de Defensa da Competencia en calquera momento do expediente poderán ordenar, de oficio ou por instancia do interesado, que se manteñan secretos os datos ou documentos que consideren confidenciais, formando con eles peza separada.

6. A notificación presentarse no Servicio de Defensa da Competencia, Madrid.

Carátula:

Notificante (interesado ou representante).

Outros partícipes:

Tipo de operación:

Sector económico:

Solicita: Que sexa considerada esta notificación para os efectos referidos no artigo 15 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.

Os abaixo asinantes declaran que as informacións que se proporcionan neste formulario e nos seus anexos son certas, que as opinións son veraces e que as estimacións foron realizadas de boa fe.

Lugar, data e sinatura.

SECCIÓN 1.^a INFORMACIÓN SOBRE AS PARTES

1.1 Información sobre a parte ou partes que notifican.

Indíquese:

1.1.1 Denominación ou razón social completa:

No caso de persoas físicas ou sociedades sen personalidade xurídica que operen baixo un nome comercial, indica-los nomes e apelidos da persoa ou persoas ou a denominación da sociedade.

1.1.2 Domicilio social e número de identificación fiscal ou código de identificación.

1.1.3 Natureza das actividades da empresa.

1.1.4 Persoa con quen pode establecerse contacto e cargo que desempeña. Enderezo, número de teléfono, fax e enderezo de correo electrónico.

1.2 Información sobre as outras partes na operación de concentración.

1.2.1 Denominación ou razón social completa.

1.2.2 Domicilio social e número de identificación fiscal ou código de identificación.

1.2.3 Natureza das actividades da empresa.

1.2.4 Persoa con quen pode establecerse contacto e cargo que desempeña. Enderezo, número de teléfono, fax e enderezo de correo electrónico.

1.3 Notificación efectuada por representante.

A notificación efectuada pode ser levada a cabo por representantes da empresa ou das empresas que vaian proceder a ela. Neste caso indíquese:

1.3.1 Nome das persoas ou entidades designadas representantes.

1.3.2 Domicilio social e número de identificación fiscal ou código de identificación.

1.3.3 Persoa con quen pode establecerse contacto. Enderezo, número de teléfono, fax e enderezo de correo electrónico.

1.3.4 Achéguese copia notarial autorizada do poder de representación ou fotocopia compulsada dela, con traducción xurada se este poder está redactado en lingua non oficial do Estado español.

SECCIÓN 2.^a NATURZA E CARACTERÍSTICAS DA OPERACIÓN DE CONCENTRACIÓN

2.1 Descrición da operación.

Descríbase de forma sucinta a operación de concentración, indicando, entre outras cousas:

2.1.1 Se a concentración constitúe:

a) Unha fusión entre sociedades anteriormente independentes.

b) Unha adquisición de activos.

c) Un contrato de cesión ou dirección de explotación.

d) Unha adquisición de participacións de calquera tipo que permita acadar o control doutra empresa.

e) A creación dunha empresa en común e, en xeral, a adquisición do control conxunto sobre unha empresa que teña fundamentalmente un carácter concentrativo ó actua-la empresa participada con carácter permanente cunha entidade económica independente e non se-lo seu obxecto ou efecto principal a coordinación do comportamento competitivo dos partícipes.

f) Calquera outro medio que confira un control directo ou indirecto conforme o previsto no artigo 2 deste real decreto.

2.1.2 Se se ven afectadas pola operación a totalidade ou partes das empresas partícipes.

2.1.3 Se unha persoa ou empresa presenta unha oferta pública para a adquisición doutra, indíquese se esta operación conta coa aprobación do órgano de administración desta última.

2.2 Elementos económicos e financeiros da operación.

Fágase unha breve explicación dos pormenores económicos e financeiros da operación, indicando en particular, cando proceda:

2.2.1 Os activos ou valores e a contía e forma da contraprestación (por exemplo, fondos que se percibirán ou obrigas ou convida).

2.2.2 As condicións de calquera oferta de valores efectuada.

2.2.3 Se algunha ou algunhas das partes na operación conta para a súa realización con apoio financeiro, de carácter público ou non, farase constar tal extremo, especificando a natureza e contía de tal apoio.

2.2.4 A estrutura da propiedade e de control trala realización da operación.

2.2.5 O calendario da operación, con especial referencia á data en que se alcanzou o proxecto ou acordo de concentración e á data prevista ou proposta dos acontecementos que dean lugar á execución da operación.

2.2.6 Indíquese a lóxica económica da operación notificada.

SECCIÓN 3.^a SECTORES ECONÓMICOS AFECTADOS, VOLUME DE VENDAS DAS PARTES E DIMENSIÓN DA OPERACIÓN

Con respecto a cada parte afectada indícaranse:

3.1 Os sectores económicos afectados pola operación, con indicación das asociacións sectoriais existentes.

3.2 A parte notificante deberalles indica-los seguintes datos referidos a tódolos partícipes na operación de concentración durante os últimos tres exercicios económicos, conforme o disposto no artigo 3 deste real decreto.

3.2.1 Volume de vendas mundial.

3.2.2 Volume de vendas na Comunidade Europea.

3.2.3 Volume de vendas en España.

3.3 Sinálese por qué a operación notificada non entra no ámbito de aplicación do Regulamento (CEE) número 4064/89 do Consello, do 21 de decembro, sobre o control das operacións de concentración entre empresas.

3.4 Indíquese en qué outros países e en qué data se notificou ou se proxecta notifica-la operación de concentración.

SECCIÓN 4.^a PROPIEDADE E CONTROL PREVIOS

Para cada unha das partes que interveñen na concentración deberá facilitarse unha relación completa de tódalas empresas pertencentes ó mesmo grupo.

Para efectos da pertenza a un grupo, a relación de control entenderase de acordo co artigo 2.3 do real decreto e co establecido na sección 2 deste anexo, relativa á natureza e características da operación de concentración.

A lista deberá incluír unha relación completa de:

4.1 Tódalas empresas controladas, directa ou indirectamente, polas partes da concentración.

4.2 Tódalas empresas ou persoas físicas que controlan, directa ou indirectamente, as partes na concentración.

4.3 Tódalas empresas controladas, directa ou indirectamente, por cada unha das empresas ou persoas físicas que figuren nas relacións anteriores.

En tódolos casos incluídos nas relacións anteriores, deberase indica-la forma e os medios de control correspondentes e a natureza das actividades das empresas mencionadas.

A información subministrada nesta sección pode ser acompañada de gráficos ou diagramas que axuden a unha mellor descrición da estrutura de control das empresas antes e despois da operación.

4.4 Con respecto ás empresas ou persoas citadas nesta sección facilitarase unha relación dos titulares dos seus órganos de administración e xestión que o sexan tamén en calquera outra empresa activa nos mercados relevantes.

SECCIÓN 5.^a INFORMACIÓN SOBRE O MERCADO

5.1 Delimitación do mercado relevante.

5.1.1 Describa os bens ou servizos comercializados por cada unha das empresas partícipes na operación de concentración, agrupándoos por categorías comerciais significativas e, de se-lo caso, as variacións na carteira de produtos ou servizos que se prevexan na operación de concentración.

5.1.2 Describa cáles son os bens e servizos substitutivos que normalmente se consideran dentro do mesmo mercado, por razón das súas características físicas e técnicas, uso ou funcións, percepción dos consumidores ou usuarios, nivel de prezos, sistema de distribución ou definicións legais ou regulamentarias do produto.

5.1.3 Delimite de forma motivada o mercado relevante da operación.

Os datos que se solicitan a continuación deberán facilitarse separadamente por cada liña de produto ou servizo.

5.2 Cotas de mercado.

Para o mercado nacional e, de se-lo caso, os mercados locais afectados pola operación, sinala para os tres últimos exercicios:

a) A estimación do tamaño total do mercado expresado en valor e no tipo de unidades que habitualmente se utilicen no sector.

b) A estimación da parte que corresponda a cada unha das empresas e grupos que se concentran e a cada unha das principais empresas ou grupos de empresas competidoras.

Esta información só se require para aqueles mercados de calquera ámbito xeográfico nos que se estime que a participación conxunta das empresas que se concentran é superior ó 10 por 100.

5.3 Prezos, distribución, provedores e competencia.

5.3.1 Indíquese cáles son, no último exercicio, os niveis de prezos practicados polas empresas que se concentran en relación cos dos seus principais competidores e cáles son os mecanismos para a súa determinación.

5.3.2 Describa en detalle as canles de distribución utilizadas polas empresas que se concentran, sinalando en qué grao a distribución é efectuada por terceiros ou polas mesmas empresas ou outras do seu grupo.

5.3.3 Describa a estrutura da demanda e a oferta do mercado e facilite a relación dos principais clientes e provedores, coas súas respectivas porcentaxes de participación no volume total de vendas ou de adquisición das empresas partícipes na operación de concentración.

5.3.4 Describa as formas principais de competencia no mercado relevante.

5.4 Barreiras á entrada de novas empresas ó mercado.

5.4.1 Describa en detalle as dificultades de acceso ó mercado que poidan encontrar novos competidores, con especial mención de calquera das seguintes que sexa de aplicación:

a) Limitacións á competencia de produtos importados debidas a barreiras arancelarias ou non arancelarias.

b) Limitación da dispoñibilidade de factores de produción tales como materias primas, bens intermedios, tecnoloxía ou persoal cualificado.

c) Limitacións na creación da rede de distribución, sinalando as súas causas.

d) Dificultades derivadas do custo total de entrada para un novo competidor por necesidade de capital, promoción, publicidade, distribución, mantemento, etc.

e) Limitacións de acceso ó mercado por necesidade de obtención de autorizacións administrativas ou controis legais ou administrativos.

5.4.2 Indíquese se accedeu ó mercado algunha empresa importante durante os últimos tres anos (ou, se procede, un período máis longo). Se a resposta é afirmativa, achegue a información dispoñible sobre as ditas empresas.

5.5 Aspectos cooperativos.

5.5.1 Indíquese se existen acordos de cooperación horizontal ou vertical entre as empresas partícipes ou entre estas e outros competidores nos mercados afectados pola operación ou en mercados conexos e, de se-lo caso, descríbanse estes pormenorizadamente.

5.5.2 Nos casos de notificación dun control conxunto, indíquese se as empresas matrices manteñen ou manterán actividade significativa nos mesmos mercados, ascendentes ou descendentes, con respecto á empresa en participación. En caso afirmativo, descríbese a participación das matrices e da empresa en común en cada un destes mercados, indicando a participación de cada unha nos volumes de negocios das outras.

5.6 Aspectos verticais da operación.

Describa as implicacións da operación sobre os mercados ascendentes e descendentes do mercado relevante, así como o seu grao de integración vertical.

5.7 Investigación e desenvolvemento.

Describa o papel e a importancia das actividades de investigación e desenvolvemento para poder manterse de forma competitiva a longo prazo nos mercados considerados, sinalando en particular a proporción dos gastos en I+D respecto á cifra de negocios.

SECCIÓN 6.^a CUESTIÓNS XERAIS

6.1 Describa e cuantifique a contribución que a operación de concentración pode achegar respecto a:

6.1.1 A mellora dos sistemas de produción ou comercialización.

6.1.2 O fomento do progreso técnico-económico.

6.1.3 Favorece-los intereses dos consumidores ou usuarios.

6.2 Indíquense os contextos comunitario e mundiais nos que se sitúa a operación e a posición das partes neles. Sinálense os efectos previsibles para as partes da operación respecto a tales contextos, en particular en canto á súa competitividade internacional.

SECCIÓN 7.^a DOCUMENTOS ANEXOS

a) Copia dos informes de xestión e contas anuais correspondentes ós tres últimos exercicios das empresas que participen na operación.

b) Copias en lingua oficial do Estado español da versión definitiva ou máis recente dos documentos relativos ó acordo que dea lugar á operación de concentración.

c) Análises, informes ou estudos que se consideren relevantes.

d) Cando se trate de ofertas públicas deberá achegarse tamén:

O folleto de oferta que debe presentarse ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

O xustificante de pagamento da taxa conforme o previsto no artigo 19 deste real decreto.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

1097 *REAL DECRETO 57/2002, do 18 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de circulación aérea.* («BOE» 17, do 19-1-2002.)

O Regulamento de circulación aérea, aprobado polo Real decreto 73/1992, do 31 de xaneiro, en desenvolvemento da Lei 48/1960, do 21 de xuño, de navegación aérea, foi obxecto de diversas modificacións derivadas dos cambios introducidos pola Organización de Aviación Civil Internacional (OACI) nos anexos ó Convenio de Chicago e da necesidade de adaptalas operacións de voo ás innovacións técnicas producidas en materia de aeronavegación. En efecto, de conformidade coa habilitación outorgada pola disposición derradeira primeira do citado real decreto, segundo a redacción dada polo Real decreto 1397/1993, o vixente Regulamento de circulación aérea foi obxecto de diversas modificacións de carácter técnico realizadas polas ordes do ministro da Presidencia do 20 de decembro de 1993, do 12 de marzo de 1997 e do 7 de maio de 1998.

Por outra parte, o Real decreto 1981/1998, do 18 de setembro, polo que se establece o Servizo de Información de Voo de Aeródromo (AFIS), incorporou ó citado regulamento a Circular 211-AN/128 da ACI.

Na actualidade, cómpre modifica-lo Regulamento de circulación aérea para a súa adaptación ás emendas que a citada Organización de Aviación Civil Internacional introduciu nos anexos 2, 10, 11 e 15 OACI relativos, respectivamente ó «Regulamento do aire», «Telecomunicacións aeronáuticas», «Servicios de transporte aéreo» e «Servicios de información aeronáutica», así como nos Documentos 4444 (Procedementos para os servizos de